

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA QUE TIVO LUGAR O DÍA 31 DE MARZO DE 2005

O día 31 de marzo de 2005, ás 10.15 horas en segunda convocatoria, comeza a sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Excmo. e Magnífico Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Escusan a súa asistencia D. Antonio Izquierdo Escribano e D. Ramón P. Rodríguez Montero.

O Sr. Reitor dá a benvida aos representantes dos estudantes que se incorporan como membros do Claustro tras seren elixidos o 1 de decembro de 2004, e agradece aos cesantes os servizos prestados á Universidade.

A secretaria xeral informa da toma de posesión dos novos decanos e directores de centro que tivo lugar nun acto conxunto o 11 de febreiro de 2005 e dos nomeamentos e cesamentos dos vicedecanos e subdirectores de centro e dos secretarios de centro e departamento, por proposta dos correspondentes titulares dos órganos unipersoais. Tamén informa da realización das eleccións de representantes dos decanos e directores de centro, directores de departamento e de instituto no Consello de Goberno, que tivo lugar o día 24 de febreiro de 2005. Así mesmo dá conta da realización das eleccións de representantes dos estudantes en Claustro no Consello de Goberno, que tivo lugar o día 8 de marzo de 2005, coa seguinte proclamación de electos:

- Canosa Ferrio, Tamara (xurídico-social)
- González Veira, Gael (xurídico-social)
- Rodríguez Amoroso, Azucena (xurídico social)
- Fernández Fontao, Jorge Juan (tecnolóxico)
- García Camba, Roi (tecnolóxico)
- López Santamaría, Eladio (tecnolóxico)
- Pardo Varela, Brenda (ciencias)
- González Veira, Avia (humanidades)

A secretaria xeral informa da realización das eleccións de representantes dos estudantes en Claustro na Mesa do Claustro, que tivo lugar o mesmo día 8 de marzo, coa seguinte proclamación de electos:

- Acosta Vigo, Javier
- López Iglesias, Macías
- Torres Pose, María
- Valencia Romar, Cristina
- Vizcaíno Martínez, Cristina

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 13 DE DECEMBRO DE 2004

A secretaria xeral informa de que procede aprobar a acta da sesión ordinaria do Claustro que tivo lugar o 13 de decembro de 2004, cuxa copia foi depositada nos centros da Universidade da Coruña coa debida antelación para a súa consulta por parte dos membros do Claustro.

A acta **apróbbase** por asentimento.

2.- ACORDO DE DELEGACIÓN DA APROBACIÓN DE CONCESIÓN DO GRAO DE DOUTOR HONORIS CAUSA NA MESA DO CLAUSTRO

O Sr. Reitor dá a palabra á secretaria xeral, quen expón que os Estatutos derogados sinalaban no artigo 218 que “a proposta para a concesión do grao de doutor *“honoris causa”* será formulada por un ou varios departamentos co informe preceptivo do centro ou centros correspondentes” e que “a proposta anterior será aprobada, se é o caso, polo Claustro, tras o informe favorable da Xunta de Goberno”. Esta competencia tamén se recollía no artigo 2 do Regulamento de réxime interno do Claustro universitario aprobado polo Claustro na súa sesión do 1 de decembro de 1992. A aprobación polo Claustro viña realizándose no seo da comisión de investigación, delegada do Claustro. Na actualidade, o artigo 116.2 dos vixentes Estatutos establece que “a proposta para a concesión do grao de doutor honoris causa será formulada por un ou varios departamentos, co informe preceptivo do centro ou centros correspondentes, e será aprobada polo claustro universitario”. As normas para o funcionamento do actual Claustro, aprobadas polo Claustro na súa sesión do 12 de decembro de 2002, non prevén a constitución de comisións. Ao estar elixida a Mesa do Claustro, en que están representados todos os sectores da comunidade universitaria, e ao existir xa o precedente de que funcionou como comisión electoral central, propónse acordar delegar a aprobación da concesión do grao de doutor honoris causa na Mesa do Claustro.

Apróbbase por asentimento delegar na Mesa do Claustro a competencia de aprobación de concesión do grao de doutor honoris causa.

3.- APROBACIÓN DO DOCUMENTO “MISIÓN, VISIÓN E VALORES” DO PLANO ESTRATÉXICO

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen expón o proceso que se seguiu ata agora na elaboración do plano estratéxico da Universidade da Coruña, e subliña que a aprobación do plano estratéxico é competencia do Consello de Goberno, quen acordou delegar no Claustro para fomentar a participación de toda a comunidade universitaria. A continuación toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, quen expón as liñas xerais do documento “Misión, visión e valores” do plano estratéxico.

Tras abrir a quenda de intervencións toman a palabra os señores Delgado Martín, Faíña Medín, García-Pita y Lastres e Fernández Esteller, que fan suxestións sobre cuestións formais e de fondo.

O Sr. Reitor interrompe a sesión ás 11.45 para que se chegue a un consenso sobre o texto. Continúase a sesión ás 12.35.

O documento “Misión, visión e valores” do plano estratéxico, que incorpora as suxestións que se acordaron, **apróbbase** por asentimento. Atópase no **ANEXO II**.

4.- QUENDA DE INTERVENCIONS

O Sr. Reitor abre a quenda de intervencións. O Sr. Gómez Bermúdez solicita que os grupos de prácticas de química e de física nas enxeñarías sexan de 20 alumnos e non de 30, e que se hai obstáculos legais para acceder a esta petición se dean os pasos necesarios para eliminalos.

O Sr. Casanova Crespo solicita que a convocatoria do Claustro se faga por correo electrónico.

O Sr. García Camba solicita que o 28 de maio, día das forzas armadas, non acudan os representantes da comunidade universitaria aos actos festivos, e que se posicionen en contra.

O Sr. Díaz Blanco solicita que na convocatoria do Claustro se indique o lugar en que están depositadas as actas.

A Sra. Fernández López solicita que se eliminen as barreiras, non só arquitectónicas, para a integración dos discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais.

O Sr. Ramos Martínez solicita información sobre a concesión da cafetaría da Facultade de Socioloxía e do comedor universitario. Denuncia na primeira a presenza de traballadores sen contrato de traballo e doutros polos que a empresa non cotiza todas as horas traballadas. Lamenta o pésimo servizo que presta á comunidade. Solicita que o expediente académico inclúa a nota media e que a expedición de certificados sexa gratuíta para certas convocatorias de bolsas. Solicita máis pasos de peóns no Campus de Elviña.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 13.00 horas do día 31 de marzo de 2005.